

# CAMIÑO DE SANTIAGO A MUXÍA POR BRANDOMIL 2017



CONCELLO DE ZAS

## Etapa 1: SANTIAGO – NEGREIRA (22.5 Km)

DÍA: Sábado, 29 de abril de 2017

**\*NOTA: En verde, as posibles paradas do coche de apoio**

SAÍDA: 7:00h (Zas - Praza do Concello)

COMEZO: Hora aproximada 8:00h da Praza do Obradoiro- Santiago de Compostela

FIN: Hora aproximada 14:30h. Explanada da feira de Negreira, ao lado do Bar Porto

TELÉFONO: 663.776.504 (Fidel)

### PERFIL DA ETAPA:



Sáimos da **Praza do Obradoiro** pola baixada que hai ó lado do Hostal dos Reis Católicos. Descendemos rectos por esta rúa próxima á Igrexa de San Fructuoso, caracterizada por catro esculturas que representan as catro virtudes cardinais.

Baixamos pola **Rúa das Hortas, todo de fronte**. Ó final da rúa, cruzamos o semáforo que nos leva á **Rúa de Poza de Bar** (valeranos de referencia, un **bar** que hai á man esquerda, o Tertulia). Imos de fronte, ata chegar á **carballeira de San Lourenzo**. Neste punto xa imos empezar a ver indicadores de madeira que nos axudarán a non perdernos. Teremos que coller á man dereita cando vexamos un buzón amarelo de Correos. **(1.1)**. Máis adiante, veremos unha baixada pronunciada a man esquerda. Si ides pendentes, veredes outro indicador de madeira e seguimos baixando ata chegar a unha **ponte de pedra** que atravesa o río Sarela, onde colleremos á man esquerda. Veremos os restos dunha antiga curtidoría.

Logo de pasar unhas lousas de pedra que atravesan o río de novo, haberá unha subida por camiño que nos levará a unha estrada local de asfalto. Collemos á man esquerda, e baixamos polo medio das casas. Ollo, un pouco máis abaixo, teremos que desviarnos á man dereita **(1.2)**. Temos por diante unha pequena subida, e unha baixada bastante pronunciada, ata chegar a outra estrada local, por onde veremos ó chegar unhas casas adosadas. Estamos en **Moas de Abaixo**, lugar da parroquia de Santa María de Figueiras. Neste punto, teremos andados **3,800 km**. Veremos o mojón 85,5.

Seguimos as indicacións, collendo estrada abaixo á man dereita por asfalto, durante 1800 mts. que será cando comeza un camiño de terra con lousas de pedra na beira esquerda durante uns 200 mts. Continuamos por asfalto uns 100mts. Seguimos por camiño de terra 1280 mts, que remata nunha pequena carballeira. A escasos metros atoparemos o mojón 82.3. Estamos en **Quintáns de Villestro**. Á altura do mojón 82.062, hai un **bar "Os Arcos"** **(1.3)**. Baixamos por medio das casas seguindo as indicacións e pasaremos por unha pequena área recreativa

# CAMIÑO DE SANTIAGO A MUXÍA POR BRANDOMIL 2017



CONCELLÓ DE ZAS

situada ó carón dunha ponte estreita que atravesa un río pequeno. Neste punto, xa andivemos **8 Km.** Continuamos avanzando 1780mts por asfalto, ata o mojón 80.646. Teremos por diante uns 300mts de camiño de terra ata chegar a unha rúa con adoquíns. Estamos en **Alto do Vento**. A uns 90 mts. cruzaremos unha estrada que nos indica á man esquerda “Fin do termo municipal de Ames”. Tamén veremos ó outro lado da estrada o **Bar (Parrillada Café Bar Alto do Vento) (1.4)**. Aquí teremos xa andados **9,300km**. Neste punto comeza o pobo de **Ventosa**, da parroquia de Covas.

Teremos que baixar pola estrada xeral, e a uns 700 mts colleremos un desvío por estrada secundaria. Andaremos por asfalto uns 1.200mts. Logo 200 mts de camiño de terra. Volveremos á estrada xeral e baixaremos por unha grande recta pasando por un indicador da “Parroquia de Ames”. Estamos aproximadamente na metade da etapa de hoxe. Pasaremos por **Pedras** e por **Augapesada**. Cando levemos andados uns **11,88kms**, pasaremos por outro bar “**Mesón O Cruceiro**” e a menos de 100 mts tamén atoparemos unha **farmacia**, que está aberta os sábados.

Ó finalizar esta grande tramo de recta, antes da curva teremos que desviarnos á man esquerda, onde hai unha marquesiña de autobús ata ter que atravesar de novo a estrada xeral polos adoquíns. Neste punto levaremos andados uns **12,39 kms**. A menos de 200 mts. comezaremos por camiño de terra, o inicio dunha subida moi importante de un pouco máis de 2km. Para rematar coa subida, e xa por asfalto, teremos que pasar o indicador de **Parroquia de Trasmonte**, ó lado dunha fonte **(1.5)**, mojón 75.300, pero onde a auga non ten garantía sanitaria. Remataremos a subida cando divisemos o indicador do pobo de **Carballo**. Levaremos andados **14,73 kms**.

Pasaremos por **Trasmonte**, onde hai un **Bar Casa Pancho**. Outros lugares de paso serán: **Reino, Burgueiros e Pontemaceira (17,93kms) (1.6)**. Aquí hai un bar cunha terraza fermosa ó lado do salto de auga do río. Teremos que atravesar o río Tambre pola **Ponte Vella de Pontemaceira**. Na **Capela de San Blas**, que é do século XVIII colleremos á man esquerda. Á dereita queda o pazo de Baladrón. Pasamos un indicador de **Portor** e a uns metros collemos á esquerda ata chegar a un desvío á man esquerda que nos obriga a pasar por debaixo da **Ponte Nova de Pontemaceira**, tamén de pedra, e máis adiante, por outra pola que pasa a estrada xeral. Continuamos pola pista de terra ata chegar á estrada xeral **(19,74 kms)**, cando vexamos un **concesionario de Opel**. Atravesamos a estrada xeral. **(1.7)** Na marquesiña do autobús de **A Barquiña**, seguimos de fronte, atravesando de novo a estrada xeral que vai de Negreira a Santiago. Non nos imos perder, porque hai varios sinais que nos informan, por unha banda, do Albergue de Peregrinos a 2 km, e por outra banda, do Albergue Turístico San José. Neste punto levaremos andados **20,39kms**.

Seguintes lugares de paso: **Chancela e Logrosa**. Cando cheguemos á estrada xeral, de novo, (imos ver un indicador do Albergue de peregrinos a 1 km) xa levaremos andados **21.85 km**. Baixamos pola estrada á man esquerda e seguiremos de fronte na rotonda, ata pasar o supermercado **Gadis**. No cruce, colleremos á man esquerda de novo, pola rúa de adoquíns (Carreira de San Mauro). Pasaremos por debaixo dos arcos do Pazo do Cotón, e no primeiro desvío á man esquerda atoparémonos coa explanada onde se fai a feira os domingos. Rematamos a etapa **22.5 km. (1.8) (Bar Porto, e outro sen nome)**

## BO CAMIÑO!!!

# CAMIÑO DE SANTIAGO A MUXÍA POR BRANDOMIL 2017



CONCELLO DE ZAS

## Etapa 2: NEGREIRA - BRANDOMIL (26.9 Km)

DÍA: Sábado, 29 de abril de 2017

\*NOTA: En verde, as posibles paradas do coche de apoio

SAÍDA: 7:00h (Zas - Praza do Concello)

COMEZO: Hora aproximada 7:45h da explanada da feira de Negreira, ao lado do Bar Porto.

FIN: Hora aproximada 15:45h. na Ponte de Brandomil

TELÉFONO: 663.776.504 (Fidel)

### PERFIL DA ETAPA:



Saímos do **campo da feira de Negreira (2.0)** cara a carreira de San Mauro (empedrada) e collemos á esquerda. No cruce, a 20 metros, seguimos de fronte pasando o mojón 67,721. **Cruzamos o río Barcala** e no quilómetro 0 da DP-5603 collemos á dereita polo **paseo fluvial do río Barcala**. Seguimos a ruta do paseo fluvial ata que se xuntan os ríos Barcala e Alvariza. Nós seguimos de fronte e aí deixamos os sinais, o terceiro, da ruta ZAS-FISTERRA que van para a esquerda. Chegamos ao chamado **Refuxio de Cobas (2.1)**. Saímos á pista asfaltada collendo á dereita e cruzando o río polo sinal verde de *Ruta dos Tres Pazos*. Despois de seguir todo o paseo fluvial co muro de pedra á esquerda, chegaremos á estrada de asfalto. Collemos á esquerda. Na primeira bifurcación seguir a esquerda pola estrada vella sen meternos no polígono industrial. **(2.2)**. A 100 metros coller á dereita onde hai un poste de cemento para atravesar o lugar de **Cobas**. Pasamos a carballeira e collemos á dereita seguindo todo o camiño de fronte. Chegamos a unha estrada e collemos a esquerda cara un sinal de STOP. Seguimos recto pola estrada por diante da casa azul. A 100 metros collemos a dereita por pista de grava (enfrente a casa con peche de picos de cor marrón). Seguimos a pista recta subindo e dando varias curvas. A pista pasa a estar asfaltada ao entrar no Concello da Baña e remata nunha forte baixada que da á estrada. **(2.3)**. Collemos á dereita para pasar por enriba da circunvalación de Negreira. Na próxima bifurcación, a 50 metros, imos á esquerda (dirección contraria das casas rurais). Entramos en **San Cibrán** e xunto ao parque dos meniños colles a esquerda dirección **Chantada**. Aquí, cóllese á dereita por onde está marcada a ruta *BTT Permanente* en verde; tamén hai un espello nun poste nesa bifurcación. Subimos unha pendente pronunciada por pista asfaltada todo recto. Na baixada da pista asfaltada collemos á esquerda deixando un pozo de auga a dereita (a pista na que entramos ten grava solta). Remata a grava entrando en **Seoane** na estrada de asfalto a dereita. Atravesamos pasando pola Igrexa, Cruceiro e **Casa Salvador (Casa do Bacallau) (2.4)**. **(5,874 quilómetros)**.

Continuamos de fronte e atopamos a **Fonte do Peregrino** á man esquerda xunto a poste de luz e poste de teléfono co nº 91 cravado. Continuamos, e collemos a pista á dereita ao lado de casa abandonada (Camiño Real). Collemos á esquerda por pista de terra seguindo os postes de cemento verdes. Hai que seguir todo o camiño recto sen coller ningunha das bifurcacións. A pista de terra remata en pista asfaltada e collemos a dereita tendo unha subida pronunciada. Chegando a **Paraxó** a pista de asfalto pasa a pista de cemento. Seguimos de fronte ata que na bifurcación viramos á dereita costa arriba. Pasamos ao lado dunha fonte e chegamos a pista asfaltada cun STOP. Collemos a dereita e a 30 metros collemos á esquerda pista de asfalto que despois pasa a ser de terra. **(2.5)**. Na bifurcación que hai na pista de terra

# CAMIÑO DE SANTIAGO A MUXÍA POR BRANDOMIL 2017



CONCELLO DE ZAS

imos á esquerda levando un muro a esquerda do camiño. Remata a pista de terra e imos á dereita pola pista de asfalto. 30 metros máis adiante seguimos recto por pista de terra na bifurcación onde hai un poste de luz. Deixamos **Canle**. Na pista de terra collemos á esquerda. Continuamos de fronte. Imos á dereita e vemos de fronte un cancelo de cinc, entrando nunha pista de asfalto. Deixamos a casa, e collemos á dereita para ir cara **Busto**. A pista é de asfalto ata Busto e pasa a ser de cemento. Na primeira bifurcación onde os contedores de lixo seguimos recto. A pista pasa a ser de asfalto e xunto ao espello no poste seguimos recto. Na bifurcación xunto á marquesina do autobús e dos contedores de lixo collemos á dereita cara arriba con subida moi pronunciada (**9,3 quilómetros**).

Despois de 700 metros collemos pista de terra á esquerda, pasamos unha ponte de pedra antiga e seguímolos toda recta ata chegar a pista de asfalto que collemos cara abaixo á esquerda. Despois de 800 metros de baixada collemos pista a dereita de terra. Seguimos ata desembocar nun camiño bastante ancho. Apartamos á esquerda baixando por pista de herba ata **Ferraces** (casa nº 16). Baixamos e no cruce imos á esquerda atravesando o lugar pola pista de cemento ata o Pazo de Ferraces (abandonado). No cruce onde hai contedores de lixo imos á dereita pasando a casa nº 3, por pista de cemento. No cruce en forma de X collemos imos á dereita. Remata a pista de cemento e cruzamos a pista de asfalto para seguir recto pola de terra (Camiño Real). Na pista de asfalto imos á dereita para entrar en **Vilanova** e seguimos por ela ata **Folgueira**. Subindo, no cruce no medio de varias casas imos á dereita (casa con ventás tapiadas de ladrillo). Entramos en pista de grava seguindo sempre de fronte. Pasamos por unha ponte de cemento. Subimos pola pista e imos polapista de grava da esquerda que baixa, imos rectos ata chegar a estrada xeral. **PERIGO CRUCE**. Imos á dereita e enseguida á esquerda dirección **A Costa**. Atravesamos a aldea sen deixar a pista de grava solta. Levamos **15,864 quilómetros**. No medio dunha subida imos á esquerda por pista de terra. Seguimos recto. Estamos en **Codesedo (2.6)**, de Sta. Comba. Na bifurcación imos á esquerda xunto os contedores. Pasamos por unha ponte de cemento. Na bifurcación collemos de fronte ata chegar a **San Martiño**. Nos contedores imos á dereita por pista de cemento pasando por un cruceiro e pola igrexa. Desembocamos en pista de asfalto. Imos á dereita para xusto coller a continuación á esquerda. Todo de fronte ata chegar a STOP. Atravesamos e imos por pista de terra. Na bifurcación, á esquerda ata a estrada AC-441. Sen cruzala imos pola vía de servizo ata **Bar Francés**, da Pereira. Levamos **19,485 quilómetros**. **PERIGO NA ROTONDA**. Imos cara Serra de Outes. Ao pasar dúas casas seguidas de cor vermello torcemos á dereita ata STOP. Cruzamos a estrada e imos recto por pista. No cruce, de fronte. No campo da festa, tamén de fronte. Despois á dereita (veremos cuadras). Na bifurcación, á dereita ata o STOP da estrada. Imos polo lado esquerdo da estrada ata cruzar o río. Entramos no Concello de Mazaricos. Apartaremos nor vía de servizo ó rematar o quitamedos para entrar na pista que vai a **Grille**. Todo recto ata chegar ao cruceiro (**2.7**),. Nel desvíamosnos á esquerda por onde está o contedor. Pasamos pista de terra. No primeiro cruce imos á dereita e seguimos todo recto ata que volve a bifurcar e de novo á dereita ata pista asfaltada, que a cruzamos e seguimos recto ata a estrada. De fronte hai un portalón oxidado que garda tubos de cemento. Collemos á dereita e volvemos chegar a estrada. **Bar Casa Pego**. **PERIGO CRUCE DA ESTRADA**. Cruzamos a estrada cara o colexio e seguimos de fronte. Por pista de grava torcemos á esquerda xunto ao cartel da Xunta de Galicia e Feader. Seguimos recto. Collemos á esquerda ata dar coa estrada vella. Logo á dereita e seguimos a estrada vella ata coller pola pista de terra á dereita. No primeiro cruce á esquerda. Seguimos pegados ao muro. Despois á dereita. Entramos no Concello de Zas. Seguimos recto pola pista de terra ata chegar ao lugar de **Acalabanda** e baixamos ata chegar ao STOP. Continuaremos a curva pola estrada antiga. **PERIGO CRUCE DA ESTRADA** ata a Ponte de Brandomil (**2.8**) (**26,9 quilómetros**).

LEMBRADE, OS SINAIS DESTE CAMIÑO SON DE COR AZUL

**BO CAMIÑO!!!**



# CAMIÑO DE SANTIAGO A MUXÍA POR BRANDOMIL 2017



CONCELLO DE ZAS

## Etapa 3: BRANDOMIL – BERDOIAS (21.9 Km)

DÍA: Sábado, 20 de maio de 2017

**\*NOTA: En verde, as posibles paradas do coche de apoio**

**SAÍDA:** 8:00h (Zas - Praza do Concello)

**COMEZO:** Hora aproximada 8:20h Ponte de Brandomil

**FIN:** Hora aproximada 14:30h. na Igrexa de Berdoias

**TELÉFONO:** 663.776.504 (Fidel)

### PERFIL DA ETAPA:



Sáimos do aparcamento e cruzamos a **Ponte de Brandomil (3.0)** Hai documentos que falan desta ponte dende o ano 1281. Créese que está feita sobre outra ponte ou paso romano. Collemos á dereita ata chegar a estrada AC-441 e sen cruzala continuamos á esquerda pola beirarrúa. Entramos no lugar de Brandomil. Entre as casas cos número 4 e 21 collemos á esquerda (Hai un sinal no poste da luz).

Seguimos por esta pista todo recto ata o lugar de **Padreiro**. Na bifurcación, onde hai unha marquesina de autobús collemos á dereita e seguimos de fronte ata volver a encontrarnos coa estrada AC-441, que cruzamos dirección **Limideiro**. **PERIGO NO CRUCE**. Seguimos pola pista ata a primeira curva na que collemos á esquerda para atravesar o lugar de Limideiro. Chegamos á estrada que se dirixe a Zas e cruzámola. Collemos unha pista estreita (camiño de carro) que ten un muro pegado ao seu lado esquerdo, primeiro de bloques e despois de mampostería. Na primeira bifurcación collemos á dereita e imos dar ao Pozo de Limideiro, antiga mina de ouro que data de tempos romanos. Deixamos o pozo e seguimos pola pista á esquerda continuando por ela en diversos cruces como indican os sinais verticais de cor azul en postes de madeira. Chegamos a estrada asfaltada que vai ás **Abellas (3.1)** e collemos á esquerda seguindo por ela ata volver a toparnos coa estrada AC-441, cruzándoa. **PERIGO NO CRUCE**. Continuamos pola pista e na primeira bifurcación collemos á esquerda para chegar a **Os Currais**. Vese un cartel de Bar Salamanca que está pechado e un pouco antes do cartel collemos á dereita (pola esquerda era por onde viña o Camiño Real, anegado polo embalse e agora volvemos a el). Levamos **5,100 quilómetros** de ruta. Seguimos pola pista e collemos á esquerda na bifurcación ata chegar a uns lavadoiros e silos; antes deles collemos á dereita e seguimos polo chamado “*Camiño Francés*” ata chegar a unha pista de asfalto que cruzamos e seguimos de fronte por unha pista de grava. Máis adiante esta pista fainos abandonar o Concello de Zas e entramos no Concello de Vimianzo.

Levamos o Embalse da Fervenza á nosa esquerda ata que unha pista á esquerda nos leva ata unha ponte estreita para cruzalo. Collemos a pista e seguimos recto ata atoparnos cunha pista de asfalto. Collemos á esquerda ata que chegamos a un cruce e collemos á dereita deixando a esquerda unha parada de autobús. **(3.2)** Levamos **9,200 quilómetros**. Deixamos atrás o **Orbellido** e continuamos todo recto pola pista de asfalto ata chegar a

# CAMIÑO DE SANTIAGO A MUXÍA POR BRANDOMIL 2017



CONCELLO DE ZAS

un cruceiro e aí collemos a pista de terra de fronte. Seguimos todo recto ata chegar a estrada AC-441 e cruzámola. **PERIGO NO CRUCE.** Continuamos pola pista de terra ata que remata e da nunha de asfalto onde hai unha morea de toradas de madeira. Seguimos pola pista de asfalto. No seguinte cruce collemos á esquerda en subida. Chegamos a un STOP e collemos á esquerda e inmediatamente outro STOP e collemos á dereita para ir pola beirarrúa do lado dereito da estrada AC-441 pegado ao tanatorio. Atravesamos **Baiñas** pola beirarrúa onde temos farmacia, supermercado, **bares**, restaurantes... Levamos **11,800 quilómetros.** (3.3) Cruzamos polo paso de peóns e cóllese a esquerda onde hai o sinal vertical que anuncia a Igrexa San Antoño de Baiñas. Collemos recto e chegamos á Igrexa, antigo mosteiro e o cruceiro. Despois collemos a segunda á esquerda ata chegar a ver cinco cabazos case pegados.

No STOP collemos a dereita e chegamos ao STOP da AC-441. Apartamos á esquerda e imos pola beirarrúa sen cruzar a estrada ata cruzar o río e metémonos a esquerda pola estrada vella que seguimos recta ata que remata nunha pista de terra. Seguimos por ela e pasamos unha ponte de cemento e na bifurcación collemos á dereita por pista de terra e seguimos indicacións de frechas azuis ata chegar a unha estrada de asfalto. Collemos á esquerda subindo pegados ao quitamedos e a uns 200 metros collemos a primeira pista de grava á dereita que nos aparece. (3.4) Na seguinte bifurcación collemos de fronte cara abaixo e seguindo todo recto chegamos ao lugar de **Sarteguas**, xa do Concello de Dumbría. Levamos **15,600 quilómetros.**

No primeiro cruce de Sarteguas collemos á esquerda cara abaixo. Chegamos á pista asfaltada e no cruce collemos á man dereita. Veremos un cabazo e unha parada de autobús de fronte.

Seguimos de fronte ata entrar no lugar da **Boudañeira** con catro cabazos na entrada do lugar. Collemos á esquerda para ver de fronte unha casa cor tella (casa co número 13 Casa Cacharelo). Despois collemos á esquerda (deixamos a casa á dereita) e seguindo polo cabazo e os contedores do lixo. Seguimos un bo anaco pola pista ata chegar a estrada xeral. **PERIGO NO CRUCE.** Cruzamos cara **Grixa, Romar e Casa Nova.** Seguimos de fronte pola pista asfaltada atravesando o lugar e onde hai unha bifurcación con dous cabazos collemos a esquerda cara abaixo. (3.5) Seguimos sempre de fronte ata chegar a STOP da AC-441.

Collemos á esquerda por dentro do quitamedos. Ao rematar o quitamedos seguimos 20 metros pola estrada vella e collemos á esquerda baixando por unha pista que leva ao carón dereito un muro de pedra. Seguimos recto ata desembocar en pista asfaltada e continuamos de fronte por ela.

Chegamos á bifurcación e collemos á esquerda cara arriba e seguindo de fronte pola pista de asfalto todo recto chegamos ao adro da Igrexa de **Berdoias** e ao aparcamento do fin da etapa. (3.6) **Fixemos 21,934 quilómetros.**

BO CAMIÑO!!!!

**LEMBRADE, OS SINAIS DESTE CAMIÑO SON DE COR AZUL**

# CAMIÑO DE SANTIAGO A MUXÍA POR BRANDOMIL 2017



CONCELLO DE ZAS

## Etapa 4: BERDOIAS-MUXÍA (21,4 km)

DÍA: Sábado, 27 de maio de 2017

**\*NOTA: En verde, as posibles paradas do coche de apoio**

SAÍDA: 8:00 h (Zas - Praza do Concello)

COMEZO: Hora aproximada 8:45 h na Igrexa de Berdoias.

REMATE: Hora aproximada 13:45 h no Santuario da Virxe da Barca.

TELÉFONO: 663 776 504 (Fidel)

PERFIL DA ETAPA:



Saímos do adro da igrexa deixando os contedores do lixo á dereita e o estanco a esquerda e imos cara o STOP. **(4.0)** Cruzamos a estrada AC-441 e seguimos de fronte. Despois de 100 metros collemos á esquerda entre un garaxe e unha casa que ten o número 1 por unha pista de cemento ata chegar á estrada, que a cruzamos polo medio dunha illa. **PERIGO NO CRUCE.**

Collemos á esquerda e xa nos metemos por unha pista de terra á dereita cara abaixo; na bifurcación, máis abaixo, collemos á esquerda para chegar á pista de grava que é a pista e servizo da futura autovía. Imos pola pista e despois de 300 metros collemos á esquerda subindo para cruzar a futura autovía. Cruzámola e seguimos todo recto polo camiño deixando un muro de pedra á esquerda. A 200 metros collemos á dereita polo camiño limpo onde o sinal. Despois sáltase un rego de auga e a continuación vaise polo camiño estreito con muros de pedra a ámbolos dous lados e árbores dentro do camiño.

Chegamos e cruzamos unha ponte de pedra antiga e ascendemos polo camiño. Na bifurcación collemos a dereita e chegamos a un cruce no que seguimos de fronte. Máis adiante collemos a esquerda e despois de fronte. Chegamos a unha pista de grava e collemos a dereita en ascenso. Seguimos todo recto e vemos a dereita a *Cruz do Frade* (homenaxe a un monxe devorado polos lobos cando se dirixía do convento de Moraima cara Santiago de Compostela). Levamos **2,412 quilómetros**.

Despois de 700 metros collemos á esquerda no cruce indo pola pista que está empedrada. A 400 metros hai unha zona enlamada e recoméndase pasar polos pasos de pedra colocados á esquerda do camiño. Séguese todo recto ata chegar a unha pista de grava onde hai un menhir e aí collemos á esquerda ata chegar á pista de asfalto collendo á dereita. Despois de 20 metros collemos a esquerda e seguimos durante 700 metros pola pista de asfalto en costa abaixo durante 700 metros ata coller á esquerda costa arriba por pista de grava. Chegamos á estrada AC-440 e cruzámola polo quilómetro 3 e seguimos de fronte pola pista. **PERIGO NO CRUCE. (4.1).**

Levamos **5,125 quilómetros**. Seguimos a pista asfaltada sempre recto ata entrar no lugar de **Agradazón** cun muro de pedra á man dereita e a pista de cemento. Levamos **7,029 quilómetros**. No cruce que se nos presenta xunto aos contedores do lixo collemos á

# CAMIÑO DE SANTIAGO A MUXÍA POR BRANDOMIL 2017



CONCELLÓ DE ZAS

esquerda pola pista de asfalto. Chegamos ao STOP e collemos á dereita xunto a marquesina do autobús. Entramos no lugar de **Castelo** e seguimos recto ata xirar á esquerda no sinal que indica **Raposa** despois de pasar a casa que ten o número 30. Seguimos de fronte ata que a pista pasa a ser de grava e collemos a dereita deixando un cabazo detrás a esquerda. **(4.2)** Baixando pola pista seguimos á esquerda. Despois de pasar unha finca que ten dúas cancelas de cor negro á dereita, seguimos un pouco e despois imos no cruce de fronte. Ao chegar ao alto collemos á dereita e xa podemos ver o “mojón” do camiño que ven de Hospital, máis adiante, no lado dereito. Seguimos de fronte e pasamos o quilómetro 11,913 entrando en **Quintáns**. **(4.3)** Levamos **10,095 quilómetros**. Cruzamos a estrada AC-440. **PERIGO NO CRUCE**. Dende aquí débese seguir os “mojóns” do camiño que ven dende Hospital cara Muxía (marco de cemento con frecha amarela e indicativo da distancia que resta ata o Santuario da Virxe da Barca).

Atravesamos Quintáns e pasamos polo Camiño Real empedrado ata o cabazo e a igrexa de San Martiño de **Ozón**. Subimos ata **Vilar de Sobremonte** e cruzando o monte chegamos a **Merexo** deixando o centro ao lado dereito acercándonos a **Os Muiños**. Cruzamos o río Negro e saímos xunto a estrada. Imos cara San Xulián de **Moraime** **(4.4)**. Levamos **17,125 quilómetros**. Despois ao lugar de Casas Novas e cruzamos a estrada AC-440. **PERIGO NO CRUCE**. Entramos en **Chorente** e despois descendemos ata a praia do Espiñeiro e xa entramos en **Muxía** **(4.5)**. Continuamos sempre de fronte polo paseo do pobo e despois de 500 metros chegamos ao **Santuario da Virxe da Barca** tendo nas proximidades a Pedra de Abalar, a Pedra dos Cadrís e a Pedra do Timón. **Fixemos 21,423 quilómetros**. **(4.6)**

## BO CAMIÑO!!!!

**LEMBRADE, OS SINAIS DESTE CAMIÑO SON DE COR AZUL ATA QUINTÁNS, DESPOIS SEGUIREMOS OS “MOJÓNS” DO CAMIÑO DE SANTIAGO DE SEMPRE**

### NOTA IMPORTANTE:

**Xuntarémonos no Santuario da Virxe da Barca ás 13:45h.  
Baixaremos en autobús para recibir todos/as xuntos as  
Muxianas na Casa do Concello.**